

TRABALLO DO 1º TRIMESTRE

- Suporá arredor de 2 puntos na nota da avaliación, se se realizou correctamente (non vale entregar un “churro, iso suporá 0 puntos).
- Consistirá na realización dun panel (con cartulina ou calquera material físico) sobre algún aspecto relacionado cos temas a traballar neste trimestre.
- Será un traballo en grupo, de tres a cinco persoas, e ademais haberá que presentalo na aula. Cada representante do grupo realizará un pequeno guión sobre a parte que ten que presentar do traballo, e que deberá entregar ao profesor.
- É necesario o uso de imaxes axeitadas ao traballo.
- O tema a escoller do traballo será un dos seguintes, cos seus respectivos apartados:

1. Os mosaicos bizantinos:

- a) Contexto histórico e cultural (o Imperio Bizantino, a cultura bizantina)
- b) Os mosaicos bizantinos: que son, como se elaboraban, onde se situaban e que figuras ou elementos adoitan aparecer neles.
- c) Algúns exemplos de mosaicos bizantinos relevantes (Santa Sofía de Constantinopla, San Vital de Rávena, San Marcos de Venecia, Catedrais sicilianas de Monreale e Cefalú, por exemplo)

2. Cultura árabe e islámica:

- a) Historia dos comezos do Islam.
- b) Arte islámica, características.
- c) Monumentos importantes: Cúpula da Roca, Mesquita de Córdoba, Xiralda de Sevilla, Alhambra de Granada.

3. As mulleres na Idade Media.
 - a) Busca información sobre cinco mulleres importantes desta época: Emperatriz Teodora, Hildegarda de Bingen, a raíña Leonor de Aquitania, Xoana de Arco e Christine de Pizan.
 - b) Fala da súa vida e dos seus logros máis importantes. Resalta aquelas cousas que eran máis difíciles para unha muller daquela época.

4. Os xogos na Idade Media
 - a) Contexto dos xogos. A guerra, os castelos, a nobreza.
 - b) Tipos de xogos máis comúns.
 - c) Algúns xogos importantes dos que se teña constancia na historia da Idade Media.

5. A comida na Idade Media.
 - a) Contexto económico. O rural e as cidades. Comercio. Estamentos sociais.
 - b) Productos básicos para a comida na Idade Media. Que había? Era igual a mesa dun nobre que a dun campesiño? Algunhas receitas.
 - c) Banquetes famosos na historia da Idade Media.

6. O Románico en Vigo
 - a) Contexto histórico do período en Vigo
 - b) Características da arte románica de Vigo
 - c) Santa María de Castrelos, Santiago de Bembrive e San Salvador de Coruxo. Información sobre elas.